

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/16	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de setembro de 2020
Duración	Desde as 21:05 ata as 22:38 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ CAMPOS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
██████████	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
██████████	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
██████████	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
██████████	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
██████████	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE XULLO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 13 DE XULLO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE AGOSTO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de agosto de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 3162/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA ADHESIÓN AO CONVENIO "REDE DE CONCELLOS AGORA POLO ESPAZO PÚBLICO" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto, O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que recibíuse neste Concello unha comunicación da Deputación de Pontevedra indicando que na súa Xunta de Goberno aprobouse a creación da "Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público" e o seu protocolo de actuación e adhesión para os Concellos, cuxo fin é a realización de políticas de recuperación do espazo público e multiplicar o espazo destinado ás persoas no horizonte 2023 de forma concreta e plasmable en números, sendo esta adhesión totalmente voluntaria e coa esixencia de que órgano competente para solicitar a adhesión sexa o Pleno da corporación; por esta razón tráese a esta sesión a proposta de solicitar a adhesión do Concello da Estrada á "Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público" da Deputación de Pontevedra, aprobar o Protocolo de actuación (publicado no Boletín Oficial de Pontevedra o día 30 de xuño de 2020 pola Deputación Provincial de Pontevedra) e, por último, nomear representante político na Rede de Concellos a D. José Carlos López Campos e representante técnico a D. Daniel Órrea Corral.

Pide a palabra o voceiro do grupo político municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir que non entende como este asunto foi tratado na Comisión Informativa de Organización e non na de Urbanismo, xa que a proposta está relacionada esencialmente con esta última área de goberno e, ademais, o Concelleiro delegado de Urbanismo tampouco estaba presente na sesión celebrada; polo anterior pide explicacións ao grupo de goberno por esa decisión, así como requirirle ao Concelleiro delegado de Urbanismo que se poña as pilas.

Continúa, en relación á proposta que estase a tratar, considerando que trátase dun traballo atinado ao ser unha rede supramunicipal na que A Estrada ten que estar, ademais de que o deseño para esta Rede Ágora vai en liña co marcado para o plan de mobilidade urbana sostible, sen esquecer que nunca está de máis participar nestas cuestións, sobre todo tendo en conta que as obrigas que se esixen ao Concello por parte da Deputación son poucas e relativamente sinxelas de cumprir, tales como o cumprimento dos prazos sobre o plan de mobilidade sostible, esperando que o grupo de goberno fora hábil nese sentido e cuestionara como de rixido vai a ser este requisito, pero quere pensar que en ningún caso vai a ser un obstáculo para acceder aos beneficios que vains a dar a Deputación. Di que dentro do protocolo observa que hai dous servizos que se nos vai a facilitar e que quere destacar, tales como a posta a disposición de técnicos en mobilidade e o acceso a financiamento para actividades de mobilidade; de todos os xeitos considera que hai que ser prudentes, porque haberá que ver en que queda todo isto, sobre todo no que se refire ao financiamento, querendo ser prudente para ver cales son os medios que se poñen á nosa disposición, considerando que hai que ter sentidíño á hora de empregar ditos medios, crendo que o acordo permítenos levar ao rural as actividades destes técnicos, polo que quere instar ao goberno municipal para que utilice eses técnicos para ver que opcións de mobilidades poden axustarse ao noso rural.





Finalmente traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

Toma a palabra a voceira do grupo político municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando o seu voto a favor desta proposta, aínda así quere por de manifesto a tardanza deste goberno para avanzar nese informe que podería valorar o impacto dunha peonalización no casco urbano e do que se leva tanto tempo falando e, a día de hoxe, aínda está sen redactar pola Policía Local, a pesares de que esta peonalización é un reclamo da nosa sociedade e de contar con fondos da Unión Europea, sendo o único acadado nestes últimos tempos opinións afrontadas. Polo dito, considera importante ter ese informe e ter un análise do impacto que causaría esa peonalización para buscar unha solución ás dificultades que xurdan, ademais de que tamén pode ofrecer un impacto positivo para o apoio social. Tamén considera importante ter en conta as peculiaridades da Estrada, por ser unha vila rural, polo que cré necesario buscar zonas de aparcadoiro; tamén débese ter presente que temos unha estrada nacional que atravesa o centro da vila e que dificulta avanzar en tema de mobilidade. Polo dito di que é necesario ter argumentos baseados en estudos serios para ver o impacto que pode ter esa peonalización e saber como mellorar os problemas que poidan derivar.

Finalmente traslada o apoio do seu grupo a esta proposta, por considerar que nos permitirá avanzar positivamente en materia de mobilidade.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o seu apoio a esta iniciativa, porque todo o que sexa avanzar de xeito correcto en materia de urbanismo, mobilidade e humanización do noso concello sempre terá o voto a favor do seu grupo.

O **Sr. Alcalde** agradece o apoio de todos os grupos políticos a esta iniciativa, xa que todos/as somos sabedores da importancia de evolucionar de cara a un urbanismo máis moderno en liña coa política europea, considerando que este plan Ágora da Deputación é moi interesante, aínda que este concello leva tempo traballando neste tema, exemplo disto é aprobación do PXOM, o Plan de Mobilidade, o Plan de Accesibilidade e agora esta adhesión á “Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público” e que permitiranos, esta última, contar con técnicos para avaliar calquera decisión que sexa tomada e dar esa solvencia á hora da toma de decisións e abrir ese debate na Mesa de Mobilidade. Aclara que todos coinciden con esta adhesión, aínda que se poderá discrepar nalgunha parte das formas, pero no fondo todos estamos de acordo en saber cara a onde temos que ir.

Enumera unha serie de actuacións de humanización feitas ata de agora, tales como as da Rúa Fernando Conde, Zona de Viños, etc., e considera que agora débese avanzar neste mesmo camiño, esperando contar con todos os demais grupos para a toma de decisións dirixidas a acadar a execución doutras actuacións desta índole.

Por último, agradece o apoio e as achegas dos grupos da oposición.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía de data 24 de agosto de 2020, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vista a comunicación recibida neste Concello enviada pola Deputación de Pontevedra mediante a que indican que na súa Xunta de Goberno aprobouse a creación da “Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público” e o seu protocolo de actuación e adhesión para os Concellos.

Visto o Protocolo de actuación publicado no Boletín Oficial de Pontevedra o día 30 de xuño de 2020.





Visto o Dossier elaborado pola Deputación de Pontevedra no que explican as características da Rede de Concellos Ágora.
Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 27/08/2020.
E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Solicitar a adhesión do Concello da Estrada á “Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público” da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- Aprobar o Protocolo de actuación publicado no Boletín Oficial de Pontevedra o día 30 de xuño de 2020.

Terceiro.- Nomear representante político na Rede de Concellos a D. José Carlos López Campos e representante técnico a D. Daniel Órrea Corral.

Expediente 3168/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12
En contra: 7
Abstencións: 2

Para explicar este punto da orde da día o Sr. Alcalde concede a palabra ao Concelleiro e voceiro do Partido Popular, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen explica que, tralo ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, sométese a acordo desta sesión a moción presentada polo grupo do Partido Popular, a cal se transcribe de seguido:

“Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en implantar programas e axudas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que, durante a fase máis dura da pandemia, non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

- 1. Poder dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado.*
- 2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás*



Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

No mes de xullo, o goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía ás necesidades e peticións das Entidades Locais; excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 Entidades Locais que teñen pechado 2019 con débeda ou non tiveron Remanente de Tesourería positivo; destruía a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e Deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobouno o 3 de agosto, cos únicos votos a favor dos alcaldes socialistas máis o voto de calidade do Presidente da FEMP, o socialista Abel Caballero.

Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Ciudadanos e Junts per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, IU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para a institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, se rompía o consenso que sempre tiña presidido a súa actuación.

O Consello de Ministros, malia que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real Decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que incluso cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns € -a ingresar ás EE.LL. entre 2020 e 2021- totalmente condicionado posto que só se repartirá entre as EE.LL. que entreguen ao goberno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais a 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos recollidos no artigo 3.1 do Real Decreto-lei 27/2020) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as EE.LL. cedan todos os aforros municipais, os aforros dos veciños, o goberno ofrécelles un fondo -que supón soamente unha pequena parte deses aforros- e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo goberno no propio Real Decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular, presenta a seguinte:





PROPOSTA DE ACORDO

1. Manifestar o apoio expreso do concello de A Estrada ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real Decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.

2. Manifestar o fondo rexeitamento deste concello aoprocedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha “apariencia” de apoio unánime das EE.LL. ao Real Decreto-lei 27/2020.

Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación en dita institución.

3. Solicitar aos órganos competentes da FEMP a reprobación do seu Presidente, Abel Caballero, por:

- non transmitir coa debida dilixencia nintransparencia información axeitada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda aoresto de membros dos órganos de goberno da institución.
- non defender os intereses das EE.LL. como está obrigado a facer por razón do seu cargo.
- provocar con esta actitude que, por primeiravez na historia da FEMP, se rompa oconsenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.

4. Manifestar o profundo rexeitamento deste a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados polaveciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

5. Instar o goberno de España a:

- Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
- Atender as demandas das EE.LL. para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19, levando a cabo a tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.
- Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

6. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP”

A continuación, intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **Sr. López Bueno**, manifestando que considera que esta moción comeza sendo imprecisa, ofrecendo datos moi segados, tanto na parte dispositiva como nos acordos, sorprendéndolle que o grupo de goberno non entenda o por que o grupo socialista vote en contra, cando na Comisión Informativa dixeron que non ían a mover unha coma, e teñen que comprender que non pode asumir os acordos que na moción son plantexados, sen embargo, estaría a favor se se modificase a Lei de estabilidade





orzamentaria e sostibilidade financeira para así permitir acceder a eses remanentes e destinalos a gastos en xeral, sabendo que esa Lei foi aprobada polo Partido Popular cando estaba no goberno ante unha situación de crise económica e metendo en cintura a unha única administración e que é a administración local.

Continúa dicindo que, se queren, pódese debater as precarias condicións financeiras da administración local, sobre como recibimos unha tutela de facto a través da nomeada Lei sobre as nosas finanzas e como non podemos destinar os nosos aforros para utilizalos en novos servizos; agora ben, aclara que o seu grupo non pode apoiar esta moción porque, en primeiro lugar, considera que o acordo e bo por non obrigar a ceder os remanentes á administración do estado, polo contrario é unha cesión voluntaria, precisamente porque hai concellos que non queren cedelos; en segundo lugar, na exposición de motivos da moción fálase de que as administracións locais foron pioneiras ao establecer axudas, etc. etc, sen embargo, na Estrada non foi así e parece un chiste que así o digan os do grupo de goberno, de feito dixéronse que, por causa da pandemia, íanse mobilizar catro millóns de euros, o cal demostrouse que era falso, porque eses cartos xa estaban comprometidos cando aínda non había pandemia algunha; lembra que o seu grupo fixo unha serie de propostas que aínda están sobre a mesa sen discutir, reiterando que están ca man tendida para debater esas medidas económicas e socias que se propuxeron mediante moción e que aínda teñen aplicación no noso concello e que están a funcionar noutros concellos do resto de Galicia.

Así mesmo, na moción dise que o acordo rapta os remanentes, considerando que iso non é certo, xa que nese acordo recóllese que entre o 2020 e o 2021 vaise a dar un mínimo dun 35% deses remanentes que se cedan en función de cantos remanentes sexan cedidos na cifra final, ademais pódense destinar a gasto xeral, sendo unha maneira de crear un gasto financeiro e saltar a Lei que o PP creou e considerada moi boa naquel momento, pero que agora, como están na oposición, cambian o seu criterio e piden a súa modificación.

Aclara que foi pedido un informe á Intervención municipal que deixara claro cales son os escenarios atendendo a se son cedidos ou non os remanentes e así tomar unha decisión informada dende o punto de vista económico e do que máis lle convén á nosa veciñanza, pero o grupo de goberno rexeitou ese extremo.

Continúa dicindo que na moción que se está a tratar solicítase a modificación da Lei de Estabilidade Orzamentaria, pero de unha maneira vaga, non dando ningunha solución efectiva, o que é lóxico, porque non a hai, xa que esta Lei fixo unhas regras de xogo, non sendo sinxelo retirar os “corsés” desa lei para a aplicación dos remanentes, porque entón teríase que modificar outro tipo de disposicións para que non computara como déficit o novo gasto non apoiado por un ingreso, entre outras; ante isto, na moción propónse a modificación da devandita lei, pero sen propoñer alternativas.

En canto á exposición de motivos da moción, di que nela recóllense cuestións que están dentro do propio acordo, cuestións que á Estrada non lle afectan, tales como a petición dun fondo para transporte urbano de titularidade municipal, un mínimo de 275 millóns para paliar as perdas que os concellos tiveron que asumir pola crise da COVID. Ademais fai referencia ao dito sobre os concellos que non teñen remanentes, e aclara que si están previstos no acordo e si se lles ofrecen distintos instrumentos para mellorar a súa situación e negociar a súas condicións de financiamento, polo que lle resulta beneficioso o devandito acordo estatal; sendo outra das cuestións que beneficia o reiterado acordo aos concellos que teñan ou non remanentes é que se lles permite incumprir a regra de gasto.

Dende o punto de vista político, o Sr. López Bueno di que entende que haia concellos que non se queiran adherir por unha cuestión política ou de xestión financeira, pero ve a moción que se está a tratar como un mero instrumento que lle deu o PP a nivel nacional para facer ruído con este asunto, considerando que trátase dunha estratexia errada, porque nesta corporación o que debe preocupar é o que realmente lle convén á nosa veciñanza, por esta razón débese tomar unha





decisión informada para ver en que situación quedaremos en caso de ceder ou non os nosos remanentes. Reitera que lle parece curioso que pidan a modificación parcial da Lei de Estabilidade Orzamentaria cando é a que limita o uso dos remanentes e que foi aprobada cando estaba o PP no poder ao abeiro dos datos económicos deste país, pero estamos nunha crise bastante máis profunda que a dos anos 2008 e 2009, polo que non se pode defender polo PP que naquel momento era unha Lei estupenda e agora dicir que é un acordo malo, cando deberían estar aplaudindo porque se lle dan cinco mil millóns a maiores dos remanentes e se lle dan a opción de ser partícipes aos concellos no reparto do fondo de reconstrución que aprobou a UE, o que sería para á Estrada un impacto económico porque lle poderían caer, ao mellor, seiscentos mil euros, o que sería moi beneficioso para os nosos veciños.

Continúa reiterando que considera que esta moción ten un carácter principalmente político, non tendo ningún carácter construtivo, ademais, dentro dos acordos que propón, non existe ningún ánimo de chegar a un acordo, tan só pretende facer partícipe a esta corporación da estratexia do Partido Popular, polo que é entendible que o seu grupo político non apoie esta moción, sobre todo cando estase a pedir un pronunciamento deste Pleno cara a un recurso de inconstitucionalidade presentado polo PP. Ante o dito, lle parece unha falta de decencia de facer partícipes ás administracións dun apoio a un recurso de inconstitucionalidade que presenta un grupo dentro do Congreso dos Deputados; ante isto, considera que este Pleno debería afastarse de dar un apoio a este recurso de inconstitucionalidade, en calquera caso habería que apoiar aos maxistrados do Tribunal Constitucional para que apliquen a legalidade constitucional xa que, en caso contrario, sería un uso fraudulento das competencias deste Pleno, sobre todo tendo en conta que o partido político do grupo de goberno ten representación parlamentaria e que pode presentar unha proposición de lei, algo que non fixeron aínda, polo que lle pide que fagan a cousas onde a teñen que facer, e non intenten meter aos grupos da oposición desta corporación no mesmo saco apoiando unha estratexia nacional para desgastar ao goberno.

O Sr. López Bueno di que na moción a tratar pídese tamén reprobar ao presidente da FEMP, Sr. Abel Caballero, pola aprobación dun acordo, o que deixa constancia do mal perder do PP, porque, seguindo o absurdo do Partido Popular, os grupos da oposición poden presentar un acordo de reprobación ao Alcalde cada vez que adoptan acordos por votos en solitario do seu grupo; polo tanto non está de acordo con esta reprobación ao presidente da FEMP cando este representa a todos os concellos de España.

Remata a súa longa intervención trasladando o non apoio a esta moción e proposta ao abeiro da súa sólida argumentación e que deixa constancia que os acordos que propón adoptar non son asumibles para o Partido Socialista, ademais de ser unha perversión das competencias deste Pleno.

Toma a palabra a voceira do grupo político municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando o apoio do seu grupo para que o Concello poida dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería, dos aforros dos/das veciños/as; de feito, lembra que no ano 2016 presentara unha moción a favor da derogación da Lei Montoro, non entendendo como de aquela o Sr. Alcalde rexeitou debatela argumentando que non era competencia deste Pleno senón doutras administracións de categoría superior, e agora propoñen a súa modificación, pero a pasares disto entende a importancia que ten a autonomía financeiras das entidades locais. Di que é sabedora que a moción que estamos a tratar é unha campaña do Partido Popular cuxo obxectivo é atacar o goberno do estado e ao Sr. Abel Caballero, habendo plantaxado na Comisión Informativa reformular a nomeada moción buscando consenso no punto relativo á defensa dos intereses económicos da administración local e eliminando as descualificacións ao goberno central (que non aportan nada á nosa veciñanza), sen embargo non houbo interese do grupo de goberno por negociar esa modificación, demostrando que o único que buscan coa proposta da moción é desgastar o actual goberno do estado no lugar de defender realmente os intereses do noso concello.





Polo manifestado, aclara que o seu grupo vaise abster na votación.

Intervén a continuación a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, aclarando que o seu grupo sempre se manifestou en contra da Lei de Estabilidade Orzamentaria, pedindo a súa derogación por entender que existen outros xeitos de atender á crise económica, pero levouse a cabo unha medida que ataca á administración pública máis vulnerable e de igual xeito que se fixo ca cidadanía, é dicir, comprometer e gravar sobre as persoas máis vulnerables o custo desta crise.

Polo anterior, di que se o texto da moción recollese, no lugar de modificación, a derogación da reiterada Lei, o seu grupo votaría a favor, pero non é así; ademais observa varios puntos contraditorios na moción, parecéndolle un texto improvisado nada parecido a unha moción, máis ben parécelle un arma de guerra contra unha administración que o PP perdeu e, por isto, non lle parece procedente por ver que o seu obxectivo é loitar contra unha administración gobernada por outros partidos políticos.

Polo manifestado traslada o seu voto en contra desta proposta.

O **Sr Alcalde** toma a palabra manifestando que este punto está suficientemente debatido. Considera que o manifestado polos/as voceiros/as dos grupos da oposición deixa constancia do seu perfil político, carácter institucional e pose política que lles queda moi ben, pero a realidade é a que é; estamos ante unha expropiación dos recursos dos concellos e xerados polos propios veciños/as e que, ademais, non lle vai a resolver nada ao goberno central, porque, seguramente, xa teñen destino para os cento corenta mil millóns de euros do rescate, xa tiveron que pedir vinte e un millóns para o pagamentos dos ERTES, métenlle a man ás caixas dos concellos por catorce mil millóns e suma e segue, o que deixa clara a imaxe do goberno que temos no noso país; sendo esta a realidade que tócanos vivir e a situación que toca xestionar e, ao final, os concellos teñen que facer fronte a gastos sobrevidos polo COVID, tales como limpeza de colexios, polideportivos, servizos sociais (competencia delegada), etc., o que deixa ver unha realidade grave, xa que non só nos quitan os nosos remanentes, senón que tamén haberá unha caída na participación nos tributos do estado, traducíndose en problemas importantes para seguir xestionando os servizos esenciais e que nos deixa adiviñar un escenario bastante negro para os vindeiros anos.

Polo dito, considera que neste momento deberíamos gardar a roupa e ser previsores, considerando que non é o momento de gastar eses remanentes municipais, lembrando que, debido aos compromisos adquiridos cos plans da UE, temos que facer fronte a pagamentos anticipados aos proxectos do EDUSI e da IDAE.

Continúa dicindo que neste momento hai que ser moi prudentes e sensatos, cualidades das que carece o actual goberno central. Aclara que a moción que estamos a tratar é unha moción política, como calquera que presentan os grupos da oposición, xa que todas teñen un contido desta índole, sabendo que no seu texto hai cousas que poden facer máis o menos dano, pero basease nunha realidade incuestionable e que é que, unha vez máis, toman aos concellos como un menor de idade, é como ir a meterlle a man na hucha dos rapaces, ou sexa, ir ao fácil. Polo tanto, o que nos estar a dicir o Partido Socialista é que si somos bos e cedemos os nosos remanentes podemos facer isto... pero se non o das non poderás acceder aos fondos europeos nin a ningún tipo de recurso nacional, o que deixa claro que non é unha decisión voluntaria, senón un chantaxe en toda regra; así lévanos 2,2 millóns e, no mellor dos casos, recibiríamos 600.000 euros e, despois en dez anos, pagaranos alegando que lles aforrarán aos concellos 400 millóns de euros en custos financeiros por ter eses depósitos, e o Concello da Estrada non ten ningún custo financeiro por ter eses depósitos de pasivos.

Polo anterior, observa que pola oposición estase a engordar o tema para xustificar unha decisión que, a todas luces, foi un erro rompendo esa unanimidade que sempre presidiu a FEMP, o Sr. Abel Caballero rompeu esa unanimidade que sempre caracterizou e existiu na FEMP, xa



que nunca na historia habíase adoptado un acordo sen o voto unánime de todos, por iso non admite que se diga que iso é defender aos concellos, porque máis ben está a defender os intereses do Partido Socialista.

Ante o dito, considera que non se debe facer máis demagogia debendo imperar o sentido común, porque hai marxe para mellorar este acordo, sendo o mellor a modificación dese documento co consenso de todas as forzas políticas e, a partir de aí, falar en serio do financiamento dos concellos, porque, ao final, aínda que respondemos positivamente a todas as normas impostas, seguimos asumindo competencias que son impropias, sendo a mellor opción que todas as forzas políticas se senten a negociar cos concellos para elaborar un novo mapa de distribución de competencias e, cada vez que teñamos que asumir unha nova competencia, póidase contar coa consignación orzamentaria necesaria para a súa execución.

Finalmente espera que se chegue a un bo acordo en beneficio dos intereses municipais, porque a final é a entidade pública máis próxima á cidadanía e a que ten que actuar máis pronto, e oxalá este sexa o principio dese recoñecemento.

Pide novamente a palabra o **Sr. López Bueno** preguntándolle ao Sr. Alcalde onde ve esa chantaxe, porque, loxicamente, se non se cede os remanentes non se pode acceder ao reparto dos fondos europeos, porque é unha condición; tamén fala de que lle van a incautar 2,2 millóns de euros e que non poderá gastar en financiar proxectos dos fondos europeos, pero tamén ten que ter en conta que non vai a ter ingresos, pedindo que teña responsabilidade coa redución de ingresos que vai a haber; tamén discrepa co manifestado sobre que o Estado vaise a beneficiar con isto, pero aí que ter en conta os xuros que o Estado manexa, e tamén non se beneficia con estes fondos porque non ten marco legal para utilizalos .

Remata dicindo que coincide en que o acordo estatal non é o mellor e que habería que revisar a Lei de Estabilidade Orzamentaria, pero non estamos moi capacitados para falar con seriedade deste asunto e non está de acordo coa moción do grupo do Partido Popular que estamos a tratar.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do grupo do Partido Popular, en contra dos grupos do Partido Socialista e Mixto (BNG), e a abstención de Móvete, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 24/08/2020 (2020-E-RCIO-2) polo Grupo Municipal do Partido Popular, que se transcribe literalmente de seguido:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en implantar programas e axudas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que, durante a fase máis dura da pandemia, non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

- 1. Poder dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado.*
- 2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.*





3. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital. Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

No mes de xullo, o goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía ás necesidades e peticións das Entidades Locais; excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 Entidades Locais que teñen pechado 2019 con débeda ou non tiveron Remanente de Tesourería positivo; destruía a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e Deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobouno o 3 de agosto, cos únicos votos a favor dos alcaldes socialistas máis o voto de calidade do Presidente da FEMP, o socialista Abel Caballero.

Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Ciudadanos e Junts per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, IU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para a institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, se rompía o consenso que sempre tiña presidido a súa actuación.

O Consello de Ministros, malia que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real Decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais, que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que incluso cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns € -a ingresar ás EE.LL. entre 2020 e 2021- totalmente condicionado posto que só se repartirá entre as EE.LL. que entreguen ao goberno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais a 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos recollidos no artigo 3.1 do Real Decreto-lei 27/2020) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as EE.LL. cedan todos os aforros municipais, os aforros dos veciños, o goberno ofrécelles un fondo -que supón soamente unha pequena parte deses aforros- e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo goberno no propio Real Decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Manifestar o apoio expreso do concello de A Estrada ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real Decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.

2. Manifestar o fondo rexeitamento deste concello ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha “apariencia” de apoio unánime das EE.LL. ao Real Decreto-lei 27/2020.

Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación en dita institución.

3. Solicitar aos órganos competentes da FEMP a reprobação do seu Presidente, Abel Caballero, por:

- non transmitir coa debida dilixencia nin transparencia información axeitada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda a oresto de membros dos órganos de goberno da institución.
- non defender os intereses das EE.LL. como está obrigado a facer por razón do seu cargo.
- provocar con esta actitude que, por primeira vez na historia da FEMP, se rompa o consenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.

4. Manifestar o profundo rexeitamento deste a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados polaveciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

5. Instar o goberno de España a:

- Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais



para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

- *Atender as demandas das EE.LL. para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19, levando a cabo a tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.*

- *Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.*

6. *Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP"*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 27/08/2020.

E, á vista do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Manifestar o apoio expreso do Concello de A Estrada ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular presentará no Congreso dos Deputados contra o Real Decreto-Lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.

Segundo.- Manifestar o fondo rexeitamento deste Concello ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha "apariencia" de apoio unánime das EE.LL. ao Real Decreto-Lei 27/2020. Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación en dita institución.

Terceiro.- Solicitar aos órganos competentes da FEMP a reprobación do seu Presidente, Abel Caballero, por:

- Non transmitir, coa debida dilixencia nin transparencia, información axeitada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda ao resto de membros dos órganos de goberno da institución.
- Non defender os intereses das EE.LL. como está obrigado a facer por razón do seu cargo.
- Provocar con esta actitude que, por primeira vez na historia da FEMP, se rompa o consenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.
-

Cuarto.- Manifestar o profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados pola veciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Quinto.- Instar o goberno de España a:



- Respeitar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
- Atender as demandas das EE.LL. para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19, levando a cabo a tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.
- Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Sexto.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.

Antes de pasar ao apartado da Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos quere presentar unha moción de urxencia e, non habendo, continuase co desenvolvemento da orde do día:

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 14 DE AGOSTO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 14 de agosto de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0845 ao número 2020-0891 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, reiterando o rogo de que sexa colocado un espello na parroquia de Arnois unha vez xa foi emitido o respectivo informe pola Policía Local.

O **Sr. Alcalde** lle transmite que se están a poñer espellos nesa parroquia.

Continúa o **Sr. López Bueno** lembrando que o Sr. Alcalde, na presentación na



prensa da plataforma de Venda Online, asegurou que existe un proxecto de peonalización listo, e a este respecto quería preguntar por elo.

Responde o **Sr. Alcalde** que en ningún momento se asegurou tal cousa, senón que na roda de prensa unha periodista preguntou sobre o tema da peonalización de certas rúas, xa que había polémica polo corte das mesmas, pola existencia das vaías e polo caso omiso que fan os vehículos; entón respondéuselle que se estaban a barallar certas melloras e que podían ser peonalizacións, humanizacións, zonas de calmado de tráfico,...., e que esa decisión non tiña marcha atrás porque hai que facer un novo modelo urbano ao abeiro dos Plans Ágora e de Mobilidade, pero, a día de hoxe, aínda non hai ningún proxecto elaborado, tan só pediuse aos técnicos municipais que elaborasen un documento de base e así levalo á Mesa de Mobilidade , trasladándollo despois ao Plan Ágora para que nos axuden a definir ese novo modelo e as actuacións a realizar.

O **Sr. López Bueno** pregunta cal foi a participación económica do Concello na organización do Mercado de Verán e cal foi a labor municipal no control. Así tamén, pide que lle sexan facilitados os datos que ten o goberno sobre o desenvolvemento desa feira.

O **Sr. Alcalde** contesta que se tratou dun Convenio onde se tratou cos distintos axentes sociais facer un impulso á actividade comercial e hostaleira do noso concello mediante diferentes medidas de apoio, a estes efectos, chegouse a un acordo coa ACOE para incrementar en 50.000 euros (segundo expediente de modificación orzamentaria aprobado nunha sesión anterior) a aportación do Concello ás campañas das asociacións para actividades de promoción e dinamización do comercio e da hostalería, sendo unha destas actividades a celebración dese Mercado de Verán. Polo dito, a parte das subvencións de 15.000 € á ACOE e 4.000 € aos hostaleiros, terán á súa disposición eses 50.000 € para eses eventos ou actividades que nos trasladen a través do nomeado Convenio.

O **Sr. López Bueno** mostra o seu orgullo do éxito do devandito Mercado de Verán, sobre todo tendo en conta que foi idea do seu grupo político, recoñecendo a labor do concelleiro D. Luis Rendo Araujo.

Pregunta o por que o grupo de goberno non cumpriu cos compromisos adquiridos na Mesa Local de Comercio, onde se comprometeron convidar a todos os comerciantes, asociados ou non.

O **Sr. Alcalde** responde que descoñece ese compromiso, sen embargo pode asegurar que o Concello non recibiu chamadas de comerciantes para poder apuntarse ao nomeado evento, ademais sabe que a ACOE púxose en contacto con varios comerciantes fóra da súa asociación para saber se querían participar, os cales rexeitaron a invitación, preguntando ao voceiro do grupo socialista se lles chegou algunha reclamación de algún comerciante que quixo participar e non se lle deixara. Finalmente, manifesta o seu desexo de que a celebración deste Mercado de Verán continúe no tempo e que sexa unha boa opción para os nosos comerciantes, porque, ao fin e ao cabo, causou beneficios tamén para os locais comerciais e de hostalaría, grazas á animación na rúa, a súa decoración, etc., valorando para eventos futuros mellorar a campaña de promoción e a participación dos comercios locais.

O **Sr. López Bueno** lle lembra que na Mesa Local de Comercio o Concello adquiriu o compromiso de facerlle chegar a todos os locais comerciais a invitación para participar, algo que non se fixo, polo que lles recomenda que non adquiren compromisos que non van a cumprir.

Continúa formulando unha pregunta dirixida á Concelleira Dna. Amalia Goldar Cora



sobre o que aconteceu coa cesión de espazos ao IES “Manuel García Barros” para montar unha aula.

A **Sra. Amalia Goldar Cora** lle responde que non sabe nada, que ninguén a chamou en relación a ese asunto, sen embargo aclara que sería competencia da Consellería de Educación.

Continúa o **Sr. López Bueno** dicindo que todos son sabedores dos problemas de convivencia existentes na Rúa Fermín Bouza Brei, concretamente pola existencia dun baixo local comercial que está habitado, cando non podería estalo, preguntando ao grupo de goberno se teñen pensado iniciar algún procedemento de sancionador ou outro de actuación para controlar e solucionar ese problema de convivencia.

O **Sr. Alcalde** responde que tivo unha reunión coa Garda Civil, a cal está a facer un seguimento diario deste problema intentando darlle unha solución; e, dende o Concello, se está a iniciar expediente administrativo para proceder ao precintando e desahucio deste baixo ou “piso patera” ilegal, xa que o uso deste non é compatible como vivenda e, ademais, as obras feitas nel son ilegais

En canto á parte da convivencia, está sendo tratado e controlado polas forzas de seguridade do estado coa maior sensibilidade e responsabilidade, esperando que pronto estes problemas se poidan resolver mentres non se acorde o peche desa instalación e se adapte ao uso permitido para ese tipo de edificacións polo PXOM.

O **Sr. López Bueno** finaliza querendo lembrarlle ao grupo de goberno da existencia na Praza da Feira de deficiencias de sinalización viaria, vertical e horizontal, polo que prega que sexan subsanadas canto antes debidos as queixas veciñais.

Así mesmo lles lembra que o domingo pasado presentaron unha moción cunha proposta de protocolo COVID-19 e lles gustaría debatela o máis pronto posible, polo tanto, pide que se convoque a Comisión Informativa que corresponda.

Intervén a **Sra. Mar Blanco Casais**, voceira do grupo municipal de MÓVETE, trasladando, en primeiro lugar, a mala situación na que se atopa o Punto Limpo e a non prestación o servizo de recollida de madeira, de pneumáticos, etc; así mesmo, non observa que sexa respectada a lei de incendios, porque a maleza invade as instalacións, ademais os seus redores están cheos de lixo que deixa a xente ao non atopalo aberto. Polo dito, insta a que se mellores as instalacións do Punto Limpo e pregunta o por que deste abandono e por que non se está a recoller a madeira.

Responde o **Sr. Alcalde** que entre os temas pendentes de resolver existentes, está o mellorar as instalacións do Punto Limpo e a Recollida Selectiva, xa que as empresas encargadas destes servizos non os están a prestar ben, mirando a posibilidade de rescindir eses contratos e así podelos actualizar, porque quere mellorar a recollida selectiva no rural e no casco urbano. Ademais, di que durante eses meses existiron problemas na recollida e no Punto Limpo por mor dos ERTES, incluso en momento concretos houbo que chamar ao comercio local para que controlaran os seus residuos ante a falta de deste servizo.

En relación á recollida da madeira, tivemos o problema de que FIMSA estivo pechada e está a empezar a agora; nestes momento non temos outro xestor autorizado para este tipo de residuos e estamos intentando solucionar o problema dalgunha maneira.

Finalmente, di que estamos ante un problema en canto á recollida selectiva e ao Punto Limpo, así que temos que sentarnos todos e buscar alternativas para dar viabilidade a este servizo tan importante.

Pregunta a **Sra. Blanco Casais** sobre cal é a situación legal do Matadoiro municipal.



O **Sr. Alcalde** lle responde que se trata dunha instalación municipal que require unha actuación moi complexa e custosa e, a día de hoxe, recuperala para o uso como matadoiro é imposible xa que empresas do sector rexeitaron a súa explotación, non tendo nestes momento ningún proxecto nin idea clara para ver que se pode facer con esta instalación.

A **Sra. Blanco Casais** considera necesario darlle uso as instalacións do antigo matadoiro, porque tal e como está agora resulta perigoso.

O **Sr. Alcalde** lle informa que esta semana foron ata alí as brigadas municipais para pechar esa edificación mediante cadeas e sinalizacións de “prohibido entrar” e de “perigo”.

Continúa a **Sra. Blanco Casais** informando que nunha parte do leito do río de Veá caeron unhas árbores que dificultan o seu curso normal, polo que pide que se inste a Medio Rural a retirada ditos restos e limpen o leito deste río antes de que cheguen as choivas do inverno e se produzan inundacións nos terreos adxacentes. Así mesmo pide que o Concello axude aos veciños no mantemento da ruta que circula ao carón do río.

Pregunta si se avanzou algo no espazo para o ciclo da madeira.

A esta última pregunta o **Sr. Alcalde** responde que esta semana falou coa Directora Xeral e que informa que se está pendente dos novos nomeamentos de cargos despois das Eleccións, pero que xa existe un acordo acadado para a cesións deses espazos, sendo o único pendente o decidir cal é o que se vai a ceder, porque Educación quere o pavillón número 3 e a Consellería de Industria prefire prescindir do pavillón nº 5.

Antes de iniciar a quenda de intervencións por parte da voceira do grupo Mixto (BNG) o **Sr. Alcalde** fai referencia a que dita voceira presentou con data 02/09/2020, por rexistro de entrada 2020-E-RPLN-5, a seguinte pregunta ao Pleno:

“Dende o Bng da Estrada solicitamos saber as medidas de protección que van aplicar ao lavadoiro de Leicures, que como vostedes saben é un dos elementos etnográficos máis castigados nos últimos tempos, dos que teñamos coñecemento, así como cales son os plans de recuperación e mantemento dun ben cultural que non se debería deixar perder.”

A **Sra. Camba Castro** manifesta que prefire facer outros rogos antes e despois fará referencia a esta pregunta. Así, en primeiro lugar, prega que sexan arranxadas dúas estradas en Vinseiro, unha que vai de Cimáns a Vis de Correa e a outra que comunica Nogueiras con As Vilas, as cales son moi transitadas. En segundo lugar, queixase dos bacheos que se están a realizar, porque son tan deficientes que tan pronto chova provocará un dobre traballo, arranxar novamente os baches e tamén ao redor. Pide, así mesmo, que se faga un estudo sobre cales son as vías con maior volume de tráfico e así ser preferentes á hora do seu arranxo, pero reparalas ben e non como se está a facer. Dentro destas pistas, tamén sinala a que vai de A Costa á Torre (Guimarei) e a que une a EP-7001 e que vai á igrexa de A Somoza.

Traslada o rogo para que se proceda á limpeza de maleza no descampado que está a ser utilizado de aparcadoiro sito ao final da rúa Pérez Viondi (na curva que vai a Ouzande); así mesmo, nesta zona hai un camiño que une ese descampado coa parte de atrás do aparcamento do Teatro, o cal é moi frecuentado, polo que prega que se





proceda á súa limpeza e acondicionamento.

Pregunta se hai algún plan de protección e mantemento do lavadoiro de Leicures, o cal está a ser utilizado por grupo de mozos e mozas para facer botellón e sen máscaras, co risco que supón para a xente maior da zona e se hai algún plan para atallar este tipo de problema cívico e sanitario.

O **Sr. Alcalde** responde a esta última pregunta con que non existe ningún plan de protección específico ao marxe das fichas que establece o propio patrimonio municipal no PXOM, é dicir, trátase dun elemento catalogado que hai que preservar, pero non hai un plan específico de protección para ese ou calquera outra elemento similar.

Continúa a **Sra. Camba Castro** informando que alguén puxo un arame por todo o contorno da Torre de Guimarei, peche que non sabe si cumpre coa legalidade.

O **Sr. Alcalde** aclara que esa leira está cedida a un gandeiro para a súa explotación, pero di que vai a investigar, aínda que cre que, como hai millo plantado, esta persoa colocou ese arame polo tema do xabarín.

A **Sra. Camba Castro** non sabe quen foi, pero considera que trátase dunha ilegalidade manifesta e, se pode ser, deberíase falar con ese gandeiro para que peche o terreo da plantación e non o acceso á Torre e ao pazo.

Con respecto ao pazo da Torre de Guimarei fai constar que o dono do mesmo incumpre a Lei de Patrimonio por non establecer un horario para a súa visita, polo que prega que dende o Concello se inste a Patrimonio sobre este incumprimento e tamén do artigo 32 da nomeada Lei, o cal establece que as persoas propietarias ou arrendatarias de bens protexidos integrantes do patrimonio cultura de Galicia están na obriga de conservalos, mantelos e custodialos debidamente para evitar o seu deterioro; ademais, estes incumprimentos legais son unha infracción grave ao abeiro do artigo 130. a) da reiterada Lei. Polo anterior, insta ao Concello para que lle comunique a Patrimonio ao fin de que tome as medidas oportunas ante o abandono que sofre a Torre de Guimarei polo seu propietario.

O **Sr. Alcalde** di que recolle este último rogo e intentar trasladarlle tamén ao propietario que debe de velar polo estado deste ben.

Para finalizar o Sr. Alcalde advirte a non existencia de público presente, polo que procede a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas trinta e oito minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o





*respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.
De todo o anterior faise cumprimento.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

